



Resolución do 9 xuño da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia dispón, nos artigos do 21 ao 24, os aspectos xerais que deben regular o proceso de avaliación, promoción e titulación

O Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, regula as condicións para a obtención dos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharel, de acordo co disposto no Real Decreto-Lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Este novo marco normativo fai necesario determinar algunhas medidas en relación coa avaliación e titulación do alumnado que cursa a Educación Secundaria Obrigatoria nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia e en consecuencia dita as seguintes instrucións:

Primeira. O obxecto destas instrucións é determinar algunhas cuestións precisas para levar a cabo a avaliación final, ordinaria e extraordinaria, do proceso de aprendizaxe e a proposta de titulación do alumnado da educación secundaria obrigatoria nos centros docentes que impartan estas ensinanzas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, no actual curso académico.

Segunda. Para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria requíranse:

Ter avaliación positiva en todas as materias, ou negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. A estes efectos:

a) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.



b) Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

Terceira. A nota media da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. A estes efectos, a situación de “non presentado/a” (NP) na avaliación extraordinaria equivalerá á cualificación numérica obtida para a mesma materia en proba ordinaria.

Cuarta. O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do cuarto curso, obtivera unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5%, ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso.

En todo caso, esta distinción adoptarase conforme aos criterios previamente acordados e establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica e consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.

Quinta. Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados reflectiránse no consello orientador, expresándose nos termos de: Insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

Sexta. Os títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria permitirán acceder indistintamente a calquera das ensinanzas postobrigatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de acordo co establecido no artigo 2 do real Decreto -562/2017, de 2 de xuño.

Sétima. No caso do alumnado que finalice a etapa despois de cursar un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento, o cálculo da cualificación final farase sen ter en conta as cualificacións obtidas nas materias que non superase antes da data da súa incorporación ao programa, cando ditas materias estivesen incluídas nalgún dos ámbitos previstos no artigo 19.3 do Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, e o alumno ou alumna superase devandito ámbito.

Oitava. Os alumnos e as alumnas que obteñan un título de Formación Profesional Básica poderán obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria,



sempre que, na avaliación final do ciclo formativo, o equipo docente considere que teñen acadados os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e adquiridas as competencias correspondentes. Nestes casos, a cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria será a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques comúns previstos no artigo 42.2 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio.

Novena. Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. De considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica.

Este consello orientador elaborarao o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do Departamento de Orientación. Levará a sinatura do profesorado titor, da xefa ou do xefe do Departamento de Orientación e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2017

O director Xeral de Educación, , Formación Profesional e Innovación Educativa



Manuel Corredoira López